

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES EN COOPERAR NA "SUBMINISTRACIÓN DUNHA ESTRUTURA MODULAR QUE CONFORME UNHAS PISCINAS FLOTANTES PARA O SEU USO EN FUTURA ÁREA DE BAÑO MUNICIPAL EN AS SAAMASAS", ANO 2022 (xuros de mora dende a data de pago do anticipo ata a data de resolución do convenio Plan extraordinario de obra pública formalizado o 17.12.2010, cuantificados en 89.110,56 €).

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 5-2022, por un importe total de 89.110,56 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2022, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na **"SUBMINISTRACIÓN DUNHA ESTRUTURA MODULAR QUE CONFORME UNHAS PISCINAS FLOTANTES PARA O SEU USO EN FUTURA ÁREA DE BAÑO MUNICIPAL EN AS SAAMASAS"**, ano 2022 (xuros de mora dende a data de pago do anticipo ata a data de resolución do convenio Plan extraordinario de obra pública formalizado o 17.12.2010, cuantificados en 89.110,56 €).

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm: 395/2022 de día 15.03.2022, así como RCMOD núm: 18409/2022 de día 15.03.2022, por importe total de 89.110,56 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 89.110,56 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac7478590597606817670.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 5-2022 Xuros Plan Extraordinario de Obra pública

<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
16210.22799	89.110,56 €	92006.35200	111550001	89.110,56 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	89.110,56 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		89.110,56 €

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.